



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL QUE XULGA OS PROCESOS SELECTIVOS DAS PRAZAS INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA 2022 DE ESTABILIZACION DO EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE PONTECESO, A PROVER MEDIANTE CONCURSO, CO OBXECTO DE ESTUDAR E PRONUNCIARSE POLAS ALEGACIÓNS E RECLAMACIÓNS PRESENTADAS POLOS/AS ASPIRANTES ÁS PUNTUACIÓNS OUTORGADAS NOS DISTINTOS PROCESOS.

Pola resolución da Alcaldía núm. 386/2022 de data 27 de maio de 2022, publicada no BOP núm. 102 de data 31-05-2022, aprobouse a Oferta de Emprego Público de carácter extraordinario para a estabilización do emprego temporal do exercicio 2022 deste concello, consonte ao establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, sometida previamente á mesa xeral de negociación coas organizacións sindicais máis representativas no ámbito estatal, as máis representativas da Comunidade Autónoma de Galicia e aos sindicatos que obtivesen o dez por cento ou máis de representación nas eleccións para delegados e xuntas de persoal celebradas no Concello de Ponteceso, de conformidade co establecido no artigo 37.1.l) do RDL 5/2025, polo que se aproba o TREBEP, e 149.2 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, concorrendo CSIF, CIG e UGT.

No BOP núm. 245 do 28 de decembro de 2022 e no taboleiro da sede electrónica municipal publicáronse integramente as bases xerais e específicas que rexerán a convocatoria e provisión das prazas incluídas na OPE extraordinaria de estabilización do emprego temporal 2022 do Concello de Ponteceso, aprobadas pola resolución de Alcaldía núm.1050/2022 do 20-12-2022, corrixida a mesma polas resolucións núm. 1066/2022 do 22-12-2022 e 96/2023 do 02-02-2023, publicándose, así mesmo, un extracto da convocatoria no DOG núm. 14 de 20 de xaneiro de 2023. No BOE núm. 31 de 6 de febreiro de 2023 publícase un extracto da convocatoria polo que o período de presentación de solicitudes para participar nos procesos selectivos convocados abriuse o día 7 de febreiro de 2023, permanecendo aberto ata o día 6 de marzo de 2023, ambos inclusive.

Pola resolución da alcaldía núm. 334/2023 do 22-04-2023 aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e convocouse aos membros do tribunal para o comezo dos procesos selectivos, establecendo o comezo dos procesos selectivos na data de 04-05-2023, ás 9:00 horas no Salón de Plenos do Concello de Ponteceso, e rematando o día 05-06-2023.

Presentadas as alegacións e reclamacións polos/as aspirantes nos distintos procesos selectivos, a presidenta convocou para o día de hoxe, 08-06-2023, ás 9.30 horas, no salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso aos membros do tribunal, co obxecto de estudar e resolver as alegacións e reclamacións presentadas ao distintos procesos selectivos por concurso celebrados, concorrendo neste día e hora os seguintes:

Presidenta: D^a. Lucía Mata Rodríguez, Interventora do Concello de Ponteceso.
Secretario: D. Fernando Naya Abeleira, funcionario do Concello de Ponteceso.
Vogais: D^a. Antía Pena Dorado, Secretaria do Concello de Ponteceso; D. Emilio Caínzos Quintás, Técnico de Administración Xeral-coordinador xeral do Concello de Ponteceso; e D^a. María José Sueiro Pose, funcionaria do Concello de Ponteceso.



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

A presidenta declara constituído o tribunal.

A base xeral 5.13 establece o prazo de cinco días naturais contados a partir do seguinte á súa publicación para presentar reclamacións ante o órgano de selección, e así é do seguinte literal:

“5.13. Contra as resolucións adoptadas polos Tribunais, poderá interpoñerse recurso de alzada ou calquera outro que puidesen interpoñer de conformidade coa legalidade vixente, sen que supoña a suspensión, podéndose presentar os mesmos a través dos medios habilitados e permitidos pola Lei.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán presentar reclamacións ante o propio órgano de selección dentro do prazo improrrogable de cinco días naturais desde o día seguinte á publicación na Sede electrónica da puntuación obtida das persoas aspirantes. As ditas reclamacións que, terán efecto suspensivo, só poderán ser presentadas no Rexistro Xeral de maneira presencial ou de forma telemática, co obxecto de non retardar o correcto desenvolvemento do proceso selectivo. Toda reclamación que se presente polas persoas aspirantes ás puntuacións acordadas polo Tribunal Cualificador tras a valoración de méritos na fase de concurso, será resolta polo mesmo en sesión convocada para o efecto e serán publicadas mediante anuncio na Sede electrónica, servindo a dita publicación de notificación para todos os efectos a quen efectuase alegacións e a todas as persoas aspirantes en canto á puntuación obtida.”

Procédese a estudar e resolver as alegacións e reclamacións presentadas no prazo legal establecido polos/as aspirantes, de conformidade coas certificacións que obran en cada un dos expedientes, non tendo en conta as presentadas fóra do precitado prazo:

1ª.- Rexistro de entrada núm. 202399900000939 do 11-05-2023 de JAIME MUÑOZ FERRO, DNI ***0254**, presentado para as prazas de MONITOR/A DE ACTIVIDADES CULTURA E DEPORTE, publicadas as cualificacións o día 10-05-2023:

- *“Que logo da publicación da acta do proceso selectivo para a provisión de dúas prazas en propiedade de 'Monitor de actividades cultura e deporte', da OPE 2022, a miña posición na bolsa de emprego entendo que é incorrecta, xa que o desempate vai en base a maior idade (apartado 4º da base xeral 9), e a miña data de nacemento é incorrecta. Polo que, logo de participar en dito proceso, SOLICITA Que se teña en conta para a bolsa de emprego a miña data correcta de nacemento, sendo esta o 24-05-1985, en non o 24-05-1995; algo que acredito coa presentación do DNI, e o correspondente cambio de posición na lista da bolsa. Gracias pola súa atención.”*

Revisada a documentación, neste caso DNI do solicitante, vese con claridade que existe un erro na súa data de nacemento, a cal é tal como solicita o día 24-05-1985, polo que cómpre proceder á súa rectificación, e así o tribunal, por unanimidade, acorda elevar a proposta da bolsa de emprego para os postos de Monitores de actividades de cultura e deporte, ao non afectar á proposta de aspirantes aprobados, do seguinte modo:



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	MÉRITOS PROFESIONAIS	OUTROS MÉRITOS	TOTAL	DESEMPATE BASE XERAL 9 > IDADE
1	PEDRIDO FEANS JOSÉ ANTONIO	***8374**	70	8	78	
2	PÉREZ GALMÁN MAYTE	***5711**	3	30	33	
2	MUÑOZ FERRO JAIME	***0254**	0	30	30	**24/05/1985
4	BLANCO SANGUIÑEDO CRISTINA	***0381**	0	30	30	**26/02/1986
5	PERAL LÓPEZ DANIEL	***1274**	0	30	30	**25/02/1988
6	TRABA LISTA FÁTIMA	***0746**	0	30	30	**23/10/1990
7	CORNADO RODRIGUEZ LUCIA	***5693**	0	30	30	**20/02/1995
8	CAÑIZO BLANCO XABIER	***5142**	0	30	30	**23/01/1999
9	CORZÓN MATO RAÚL	***0327**	0	30	30	**15/01/2001
10	SERRANO PEREIRA SANTIAGO	***1366**	0	3	3	**11/01/1995
11	ALDAO PEREIRA NOEMÍ	***1546**	0	3	3	**06/05/1996
12	VILLAVERDE PÉREZ PABLO	***5296**	0	3	3	**04/07/1999

2ª.- Rexistro de entrada núm. 202399900000955 do 15-05-2023 de M^a TATIANA BARREIRA CHAO, DNI ***9628**, presentada para a praza de EDUCADOR/A FAMILIAR, publicadas as cualificacións o día 10-05-2023:

- *“Revisión Acta praza Educador/a Familiar Tendo presentada o día 07/02/2023 instancia de solicitude para a praza de Educador/a familiar na que aporte, entre outra documentación, a requerida no apartado sexto das bases para acreditar os méritos profesionais, concretamente:*
 - *Certificado expedido pola secretaría do Concello de Alfoz, no que consta o período, categoría e grupo de cotización.*
 - *Informe de vida laboral completo expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.*

SOLICITUDE

- 1. Coñecer o motivo polo que o tribunal valorou cunha puntuación de cero a experiencia profesional.*
- 2. A revisión da documentación aportada e, se así o estiman conveniente, a conseguinte subsanación da puntuación do apartado méritos profesionais da acta.”*

Revisada a documentación entregada ao tribunal polo rexistro municipal resulta que entre a mesma non constaba a vida laboral, polo que o tribunal consonte á base Sexta.1, méritos profesionais, non procedeu á súa valoración.



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Revisada a reclamación presentada e cotexada de novo coa documentación efectivamente presentada pola aspirante dentro do prazo de presentación de solicitudes de participación ao proceso selectivo (do 07-02-2023 ao 06-03-2023, ámbolos dous inclusive) si consta a vida laboral, polo que é un erro evidente, e procede á súa subsanación, baremados os méritos profesionais debidamente acreditados procede outorgarlle polos 205 meses acreditados, a razón de 0,50 puntos por mes noutras administracións públicas, a puntuación de 70 puntos (puntuación máxima neste apartado), os cales sumados aos 30 puntos outorgados noutros méritos totalizan a contía de 100 puntos, polo que procede modificar a proposta de bolsa de emprego para Educador/a Familiar. Non así a da proposta de aprobada, a cal segundo a base xeral 9, en caso de empate resolverase en primeiro lugar a favor do/a aspirante que ocupe a praza convocada. Elevándose así a proposta a favor da aspirante que obtivo a puntuación máxima de 100 puntos e ocupa a praza.

Polo anterior, o tribunal, por unanimidade acorda estimar a reclamación presentada elevar a proposta da bolsa de emprego para Educador/a Familiar a cal quedará definitivamente do seguinte modo:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	MÉRITOS PROFESIONAIS	OUTROS MÉRITOS	TOTAL	DESEMPATE BASE XERAL 9 > IDADE
1	BARREIRA CHAO, MARIA TATIANA	***9628**	70	30	100	
2	GONZÁLEZ BORRAJO, RAQUEL	***9055**	13,15	30	43,15	
3	SIO DOCAMPO, MAITE	***1080**	11	30	41	
4	ESCOURIDO RAPA, MARIA CRISTINA	***9526**	20	19,1	39,1	
5	LÓPEZ TEJEIRA, MARTA	***9602**	0	30	30	**25/05/1975
6	BLANCO SANGUIÑEDO, CRISTINA	***0381**	0	30	30	**26/02/1986
7	COUSILLAS FIGUEIRAS, MALAIKA	***3783**	0	28,7	28,7	
8	MARIÑO NEIRA, LARA	***1040**	0	11	11	
				** Data de nacemento		

3ª.- Rexistro de entrada núm. 202399900000980 do 18-05-2023, PORTOLES ARGÜELLES, LARA FRANCISCA, DNI ***6632** presentada para a praza de AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE ARQUIVO E BIBLIOTECA, publicadas as cualificacións o día 16-05-2023:

- *“Vista a acta do 11-05-2023 do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de auxiliar administrativo/a de Arquivo e Biblioteca, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria 2022 de estabilización do emprego temporal do Concello de Ponteceso SOLICITUDE que se revise a avaliación dos méritos profesionais alegados na solicitude, posto que entre eles acredítanse 3 meses e 3 semanas de servizos prestados en corpos, escalas, categorías ou denominacións equivalentes doutras Administracións públicas (distintas da entidade local convocante: concello de Arzúa e concello de Miño) en calidade de persoal temporal: 0,50 punto por mes completo.”*



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Revisada a documentación efectivamente presentada pola aspirante dentro do prazo de presentación de solicitudes de participación ao proceso selectivo (do 07-02-2023 ao 06-03-2023, ámbolos dous inclusive), resulta que non consta a vida laboral, esixencia recollida na base específica 6.1, méritos profesionais, a cal establece:

"..... Para acreditar a experiencia laboral no Concello de Ponteceso realizarase de oficio a certificación acreditativa dos solicitantes. Para acreditar a experiencia laboral nas restantes Administracións Públicas aportaranse os certificados expedidos pola secretaría das mesmas, ou órgano correspondente así como o informe de vida laboral completo expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que conste o período, categoría e grupo de cotización....."

O tribunal, de conformidade coa precitada base con carácter xeral, non valorou os méritos profesionais que non estiveran debidamente acreditados co certificado expedido pola secretaría das mesmas, ou órgano correspondente, así como o informe de vida laboral, polo que os servizos previos prestados nos concellos de Miño e Arzúa non foron valorados dentro dos méritos profesionais.

Por todo isto o tribunal cualificou debidamente os méritos profesionais da solicitante, a cal agora presenta a vida laboral, non sendo este o momento oportuno de presentala, xa que o período para acreditar os méritos debía ser igual ou anterior á data do fin do prazo para presentar as solicitudes de participación no proceso selectivo.

Polo anterior o tribunal, por unanimidade, acorda desestimar a súa reclamación.

4ª.- Rexistro de entrada núm. 202399900000997 do 22-05-2023, DANS PASQUA, FABIO, DNI *4576**, presentado para as prazas de Persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES), publicadas as cualificacións o día 19-05-2023:**

- *"Alegacións con respecto ao proceso selectivo de '3 prazas persoal GES' e posterior formación de bolsa de emprego. No apartado de méritos profesionais considero que debería de ter 3 puntos por traballar 6 meses nun posto similar ao ofertado fora do concello de Ponteceso, polo que reenvío a documentación necesaria para que estos méritos se valoren. SOLICITUDE A revisión da documentación e a súa valoración. Grazas"*

Revisada a documentación efectivamente presentada pola aspirante dentro do prazo de presentación de solicitudes de participación ao proceso selectivo (do 07-02-2023 ao 06-03-2023, ámbolos dous inclusive), resulta que non consta a certificación da secretaría, ou órgano correspondente do Concello de Arteixo, esixencia recollida na base específica 6.1, méritos profesionais, a cal establece:

"..... Para acreditar a experiencia laboral no Concello de Ponteceso realizarase de oficio a certificación acreditativa dos solicitantes. Para acreditar a experiencia laboral nas restantes Administracións Públicas aportaranse os certificados expedidos pola secretaría das mesmas, ou órgano correspondente así como o informe de vida laboral completo expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que conste o período, categoría e grupo de cotización....."

Polo que o tribunal de conformidade coa precitada base con carácter xeral non valorou os méritos profesionais que non estiveran debidamente acreditados co certificado expedido pola



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

secretaría das mesmas, ou órgano correspondente, así como o informe de vida laboral, polo que os servizos previos prestados no Concello de Arteixo non foron valorados dentro dos méritos profesionais.

Por todo isto o tribunal cualificou debidamente os méritos profesionais do solicitante, o cal agora presenta o certificado de servizos previos, non sendo o momento oportuno de presentala, xa que o período para acreditar os méritos debía ser igual ou anterior á data do fin do prazo para presentar as solicitudes de participación no proceso selectivo

Polo anterior o tribunal, por unanimidade, acorda desestimar a súa reclamación.

Sendo as 9.50 horas do día 8 de xuño de 2023, a presidenta dá por rematada a sesión do tribunal, e redáctase e asínase a presente acta.

A presidenta

O secretario

Os vogais: